

Acender unha fogueira

Jack London

Tradución de Alba González Oliveira



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Jack London

Acender unha fogueira

Versión galega de Alba González Oliveira

Amencera un día frío e gris, frío e gris en extremo, cando o home se desviou do camiño principal do Yukón e subiu pola ladeira de terra, onde un sendeiro sombrizo e pouco transitado encarreiraba cara ao leste a través dunha gran foresta de abetos. Era unha ladeira escarpada e detívose para tomar alento na cima, escudándose no feito de mirar o reloxo. Eran as nove. Aínda que non había unha soa nube no ceo, non saíra o sol nin quedaban vestixios do seu fulgor. O día estaba despexado, mais a ausencia do sol fixo aparecer un manto intanxíbel sobre a face de todas as cousas, unha melancolía imperceptíbel que tornou o día escuro. Iso non lle preocupaba. Estaba avezado á falta de sol; facía días que non o dexergaba e sabía que transcorrerían algúns máis antes de que o alegre orbe despuntase no horizonte para así acocharse deseguida rumbo ao sur.

O home botou unha mirada tras de si, cara ao longo camiño que acababa de percorrer. O Yukón estendíase no ancho dunha milla e permanecía oculto baixo dunha capa de neve cima doutra de xeo. Todo era dun branco puro alternado con lenes ondulacións propiciadas polo amoreamento do xeo. Ao norte e ao sur, tan lonxe como conseguía enxergar, todo era dun branco incólume. Tan só rompía ese brancor unha escura e pequena físgoa que debuxaba curvas e relanzos dende os arredores da illa chea de abetos ata o sur, e que logo esvaecía cara ao norte debuxando os mesmos riscos tras outra illa poboada das mesmas árbores. A escura e pequena físgoa era o camiño; o camiño principal que se estendía 500 millas ao sur ata o paso Chilcoot, Dyea e auga salgada, 70 millas ao norte ata Dawson, mil millas máis ao norte ata Nulato e, finalmente, 1500 millas ata St. Michael, no mar de Bering.

O home permanecía impasíbel; nin o camiño misterioso e transcendental en forma de pequena físgoa, nin a ausencia do sol no ceo, nin o terríbel frío, nin a estrañeza e a falta dela en todo aquilo o abraiaban. Non era porque estivese acostumado; era un recén chegado á terra, un *chechaquo*, e aquel era o seu primeiro inverno. O problema era a súa falta de imaxinación; era rápido e espelido para as cousas da vida, pero só para as cousas, non para interpretalas. Cincuenta graos baixo cero na escala réaumur traducíanse nuns oitenta graos baixo cero na escala fahrenheit. Iso só o conturbaba polo mero feito de sentirse frío e incómodo. Aquilo non o levou a meditar sobre a fraxilidade

dunha criatura ante o clima, nin sobre a fragilidade en xeral do home, soamente apto para soportar certos límites de calor e frío. Tampouco iso o levou a meditar sobre as cábalas da inmortalidade, nin sobre o lugar que ocupa o home no universo. Cincuenta graos baixo cero quedáronse nunha lacerante dentada de xeadas, unha dentada da que había que protexerse con luvas, orelleiras, mocasíns quentes e calcetíns grosos. Cincuenta graos baixo cero significaron para el, precisamente, cincuenta graos baixo cero. Se aquilo quería dicir algo máis, foi un pensamento que xamais se lle pasou pola cabeza.

Cando se virou para continuar, cuspiu sen pensalo. O ruído dun acerbo estalo sobresaltouno. Volveu cuspir e sentiu novamente o ruído no aire. Sabía que a saliva estalaba ao caer na neve, pero desta vez non chegara a tocala. Sen dúbida, había menos de cincuenta graos baixo cero; cantos, non o sabía. Mais a temperatura non importaba; ía rumbo á antiga concesión situada na forca esquerda do río Henderson, onde os seus compañeiros o agardaban. Foran dende a rexión do río Indian e atravesaran as montañas, mentres que el preferira dar un rodeo para valorar a posibilidade de extraer madeira das illas do Yukón durante a primavera. Chegaría ao campamento arredor das seis, un pouco despois do anoitecer, certo era, pero alí estarían os seus compañeiros, coa fogueira acendida e coa cea quente agardándoo. Outra cousa era o xantar. Apertou a man contra o vulto que sobresaía da chaqueta, envolto debaixo da súa camisa e rozando a súa núa pel. Era o único xeito de conseguir que os boliños non se conxelaran. Sorriu placidamente para si ao pensar naqueles boliños cortados á metade e enchoupados de graxa por mor do touciño frito agochado en cada un deles.

Mergullouse na gran foresta de abetos, onde o camiño era apenas visible. Caera unha capa de neve dende que pasara a última zorra e alegrouse de non ter unha e de poder viaxar lixeiro. En realidade, non levaba máis que o xantar envolto no pano, pero, sen dúbida, o que máis o asombraba era o frío. De certo, mentres fretaba o nariz e os pómulos entumecidos coa man enlucada, inferiu que ía moito frío. Era un home de barba pechada, mais o pelo da cara non lle protexía os pómulos nin o ávido nariz do aire xeado que o golpeaba duramente.

Un can ía tras os seus pasos; un gran can esquimó autóctono, o auténtico can lobo, de cor agrisada e sen nada que envexarlle ao seu temperamental irmán, o lobo salvaxe. O animal mostraba abatemento polo terríbel frío; sabía que non era tempo de viaxar. O seu instinto era máis razoábel ca o entendemento do home. De feito, non se trataba só de que houbese menos de cincuenta, sesenta ou setenta graos, o certo era que a temperatura era inferior a setenta e cinco graos baixo cero. Dado que trinta e dous graos na escala fahrenheit equivalían a cero graos na escala réaumur, iso só significaba unha cousa: a temperatura era de cento sete graos baixo cero. O can non sabía nada sobre termómetros. Posiblemente o seu cerebro non asociaba de xeito perspicaz o feito de ter moito frío ás circunstancias, tal e como facía o do home, mais o animal contaba co seu instinto. Sentía un lixeiro pero ameazador temor que o amansaba e que o levaba a refuxiarse tras os pasos do home. Permanecía expectante ante cada un dos seus estraños movementos, como a espera de que o home fose a un campamento ou buscase acubillo

nalgures para acender unha fogueira. O can coñecía o lume e necesitábo, ou ben para manterse ao acolleito da neve, ou para refuxiarse do aire ao abeiro da súa calor.

O bafo xeadado da súa respiración pousábase na súa pelaxe coma un tenue po de xeo, sobre todo, na mandíbula, no morro e nas pestanas, xa branquexados por mor da súa respiración tornada cristais. O bigote e a roxa barba do home tamén estaban conxelados, mais a capa de xeo volvíase cada vez máis sólida con cada bafarada de aire húmido e quente que exhalaba. Ademais mastigaba tabaco, e a mordaza de xeo apertaba os seus beizos con tal rixidez que era incapaz de desentumecer a barbela para cuspir o zume, o que provocaba que unha barba cristalizada da cor e da solidez do ámbar fose crescendo na súa barbela; ao igual ca un cristal, se caer, converteríase en fragmentos crebadizos. Pero a el non lle importaba aquel apéndice; era a penitencia de todos os mastigadores de tabaco da rexión, e el xa tivera a ocasión de comprobalo durante dúas ondas de frío. Sabía que non fora tanto frío nas outras dúas ocasións, pero polo seu termómetro interno, tamén sabía que en Sixty Mile xa estiveran a cincuenta e a cincuenta e cinco graos baixo cero.

Continuou varias millas atravesando longos terreos madeireiros, cruzou un gran pantano poboado de matas e descendeu ata a beira do leito xeadado dun pequeno río. Tratábase do río Henderson, e sabía que percorrera dez millas dende que se desviara. Mirou o reloxo; eran as dez. Camiñara catro millas nunha hora e calculaba que chegaría á forza ás doce e media; iso alegrábo de tal maneira que pararía alí para comer.

Cando o home se encamiñou cara ao leito do río, o can apareceu de novo tras os seus pasos co rabo desanimadamente gacho. O suco que deixara a zorra no camiño víase claramente, mais uns cantos centímetros de neve cubrían as últimas pisadas. Nun mes, ningún home recorrera aquel silencioso río, pero el continuou con paso firme. Non era moi dado a pensar e o único que se lle pasaba pola cabeza era que comería nada máis chegar á forza e que ás seis se reuniría cos seus compañeiros no campamento. Non tiña ninguén con quen falar, mais, se o tiver, non lle sairían as palabras por mor da mordaza de xeo que levaba na boca, así que continuou a mastigar tabaco de xeito monótono para que a súa barba da cor do ámbar non deixase de medrar.

De cando en vez, acordábase de que ía moito frío, un frío que nunca antes sentira. Mentres camiñaba, fretaba os pómulos e o nariz coa parte exterior da man enlurada. Facíao de xeito mecánico, intercambiando as mans unha e outra vez. Mais, non importaba o xeito en que fretase, no intre en que deixaba de facelo, os seus pómulos e, deseguido, a punta do seu nariz, entumecían de novo. Sen dúbida, as súas meixelas estaban conxeladas; era consciente diso e arrepentíase de non ter ideado algo parecido á fita que levaba Bud para protexer o nariz e máis as meixelas durante as ondas de frío. Mais, con todo, iso non lle preocupaba moito. Que importaban unhas meixelas conxeladas? Era un tanto doloroso, pero non era máis ca iso.

Se ben o home non era moi dado a pensar, de certo era moi observador. Estaba atento a calquera cambio no río, ás revoltas, aos relanzos e aos amoreamentos de madeira, e prestaba especial atención a onde pisaba. De súpeto, nunha revolta, deu un

chouto coma un cabalo asustado e retrocedeu varios pasos afastándose do lugar polo que camiñaba. Tiña a certeza de que o río estaba conxelado ata o fondo, algo que acontecía nos xélidos invernos, mais tamén sabía da auga que abrollaba dos mananciais e que percorría polas vertentes baixo da neve ata chegar ao xeado río. Sabía que nin as peores ondas de frío podían conxelar aqueles mananciais e era moi consciente do risco que entrañaban. Ocultaban pozas de auga de certa profundidade baixo da neve; ás veces, estaban cubertas por unha grosa capa de xeo e unha de neve; outras, a auga alternábase con capas de xeo, o que significaba que se as capas abrían, non se detían ata romper por completo, facendo que en ocasións a auga chegase ata a cintura.

Aquilo fora o que o fixera retroceder con certo temor. Sentírao baixo dos seus pés e escoitara o estalo dunha capa de xeo oculta pola neve. Ter os pés mollados a unha temperatura coma aquela era un problema e un risco. Como pouco, iso implicaba retrasarse, xa que tería que parar e acender unha fogueira para poder descalzarse e secar os calcetíns e os mocasíns ao seu abeiro. Detívose e estudou o río con detemento para precisar que o curso da auga viña da dereita. Examinouno durante un tempo, mentres fretaba o nariz e as meixelas; logo virou á esquerda e camiñou con cautela, probando en cada paso onde colocaba os pés. Cando pasou o perigo, colleu tabaco fresco para mastigar e encamiñou os seus pasos cara ás catro millas.

Durante as dúas horas seguintes, topou con varias pozas similares ás anteriores. Polo xeral, a neve que as ocultaba tiña un aspecto afundido e amidonado que advertía do perigo. Porén, nunha ocasión, salvárase de milagre; noutra, obrigou ao can a ir diante ao sospeitar que corría perigo. O animal resistiuse e recuou ata que o home, dun empurrón, o fíxo atravesar deseguida a branca e intacta superficie. De súpeto, a capa de xeo rompeu e, con dificultade, o can revolveuse ata que conseguiu estar en terreo máis firme. Tiña as patas empapadas e a auga que lle quedara nelas convertérase en xeo case de inmediato. Puxo moito empeño en retirar o xeo das súas patas con rápidas lambetadas e deseguido, deixouse caer na neve e comezou a morder o que se lle formara entre os dedos; facíao de xeito instintivo. Deixar restos de xeo nas súas patas podía entrañar moita dor, pero o can non o sabía; só obedecía á misteriosa incitación xurdida das profundidades do seu ser. Mais o home, coa capacidade de vulgar o que acontecera, quitou a luva da súa man dereita e axudouno a arrancar os restos de xeo. Os seus dedos non estiveran ao frío máis dun minuto e non daba crédito á rapidez coa que entumeceran. De certo, ía frío. Puxo a luva apresuradamente e golpeou a man contra o peito de xeito violento.

O día alcanzaba a seu máximo esplendor ás doce, mais o sol atopábase no seu travesío de inverno e estaba demasiado ao sur como para clarear o horizonte. A terra saínte interpúñase entre o orbe e o río Henderson, polo que o home camiñaba ao mediodía baixo dun ceo despexado e sen proxectar ningunha sombra. Ás doce e media chegou á forca do río, tal e como previra; dérase présa e estaba contento. De manter o mesmo ritmo, sen dúbida algunha, se reuniría cos seus compañeiros ás seis. Desabotoou a chaqueta e a camisa e sacou o seu xantar en menos dun minuto, intre abondo para que o entumecemento se apoderase dos dedos desprotexidos. Mais, no canto de por as luvas,

comezou a bater os dedos de xeito violento contra a súa perna e, tras varios golpes, sentou nun tronco cuberto de neve a xantar. O ardor que lle provocaran os golpes nos dedos esfumouse tan axiña que se asombrou. Nin sequera tivera a oportunidade de darlle un bocado ao boliño. Bateu os dedos de novo repetidamente e, desta vez, puxo a luva, descubrindo a outra man para poder xantar. Tentou darlle un bocado ao boliño, pero a mordaza de xeo impediullo; esquecera acender unha fogueira para poder derretela. Afogou un sorriso pola súa falta de sensatez e, tan pronto o fixo, notou como o entumecemento se apoderaba dos seus dedos desprotexidos e como desaparecía o ardor que percorrera os seus pés cando sentara; preguntábase se os tería quentes ou se, pola contra, os tería coma os das mans. Moveunos dentro dos mocasíns e deseguido caeu na conta de que estaban entumecidos.

Un pouco temoroso, tirou das luvas apresuradamente e levantouse. Comezou a patexar, movendo os pés arriba e abaixo como si estivese pisando algo, ata que recuperaron o ardor. De certo ía frío; iso non o esquecía. Aquel home de Sulphur Creek dicía a verdade respecto do frío extremado que ía ás veces na rexión e, xacando, mofárase del. Aquilo déralle unha lección sobre a incerteza das cousas; abofé que ía frío. Andou dun lado a outro con pasos longos, patexando e sacudindo os brazos, ata que a calor os apouvigou coa súa volta. Sacou os mistos e dispúxose a facer unha fogueira. Conseguiu leña da broza que albergaba unha gran cantidade de pólas estacionarias das enchentes da primavera anterior. En tan só un intre e con coidado, conseguiu avivar un lume ao carón do que desconxelar o xeo do seu rostro e comer os boliños; polo momento, lograra burlar o frío. O can encontrou a satisfacción ao abeiro do lume, deitándose á distancia xusta para quentarse fóra do alcance das chamas.

Cando o home rematou, encheu a pipa de tabaco e permitiuse un momento para relaxarse. Deseguido, puxo as luvas, arranxou as orelleiras do gorro colocándoas con firmeza no seu lugar e continuou o camiño polo río cara á forza esquerda. O can degoxaba con tristura retornar ao amparo do lume. O home non era consciente do frío e, posiblemente, todas as xeracións dos seus antepasados ignorasen o verdadeiro frío, aquel de cento sete graos baixo cero. Porén, o can coñecía del, ao igual ca todos os da súa raza, dos que aprendera que non era bo saír a camiñar naquelas circunstancias. Era o tempo de facer un burato na neve, de deitarse e de gorirse nel, agardando que unha cortina de nubes se debuxase sobre a face do lugar do que procedía aquel frío. En calquera caso, o home e o can non se parecían en nada. Un era o que se esforzaba por servir ao outro, e as únicas caricias que algunha vez recibira eran as dos golpes dun pau e as dos ásperos e ameazadores sons que saían da garganta de quen o sostíña, polo que o can non fixo ningún esforzo por transmitirle o seu temor. Non lle preocupaba o benestar do home; o único que desexaba era retornar ao refuxio do lume. Mais o home só precisou asubiar e imitar o son dos golpes cun pau para que o can volvесе estar tras os seus pasos e o seguira decontado.

O home comezou a mastigar tabaco para que se formara de novo unha barba da cor do ámbar. O seu bafo húmido deseguida empoeirou de branco o seu bigote, as cellas e as pestanas. Non parecía que houbese moitos mananciais na forza esquerda do

Henderson e durante media hora non tivo ningún indicio de que así fose. Mais, de súpeto, nun lugar que non amosaba sinais de que houbese algunha, aconteceu; o home atravesou a capa de neve branda e intacta que semellaba ser a firme no seu interior. Non era profunda, mais foi abondo para mollarse ata os xeonllos antes de conseguir situarse con dificultade en terreo firme.

Estaba furioso, e maldiciu a súa sorte en voz alta. Tiña a esperanza de reunirse cos seus compañeiros no campamento ás seis, e aquilo retrasaría unha hora. Acender unha fogueira para secar os calcetíns, os mocasíns e os pés era imprescindible tendo en conta a baixa temperatura; era moi consciente diso. Deu a volta e subiu pola ladeira. Na cima, entre a maleza que rodeaba os troncos de varios abetos pequenos, atopou leña seca acumulada por mor das enchentes; case todo era ramaxe, mais tamén había gallos estacionarios máis grandes e pequenas gramas secas do ano anterior. Cima da neve, colocou os anacos de madeira grandes, que lle serviron de base para impedir que a neve afogase as primeiras chamas ao derreter. Conseguiu as primeiras lapas grazas ao misto que acendeu contra un pequeno anaco de casca de bidueiro que gardaba no peto; aquilo ardía moito mellor ca o papel. Colocouno sobre a base e avivou o lume coas gramas e a ramaxe seca máis pequena.

Fíxoo lentamente e con coidado, moi consciente do perigo que corría. Pouco a pouco, a medida que a chama se facía máis intensa, ía aumentando o tamaño das ramas coas que avivaba o lume. Estaba anicado na neve, collendo a ramaxe da maleza que había ao seu arredor e botándoa directamente ao lume para afogueirallo; sabía que non podía saír mal. A unha temperatura de setenta e cinco graos baixo cero, un home non pode fallar no seu primeiro intento de acender unha fogueira, sobre todo, cando se teñen os pés mollados. Pola contra, cando se teñen os pés secos e non se consegue facer lume, un home pode correr aproximadamente unha milla para recuperar a circulación. Mais, cos pés mollados e conxelados e a setenta e cinco graos baixo cero, o sangue non recorrería as súas venas. Non importaba o rápido que correse, canto máis mollados tivese os pés, máis resistente se volvería o xeo arredor deles.

O home era consciente de todo aquilo. O vello de Sulphur Creek transmitírallo no outono anterior, e agora el agradecía o consello. Xa non sentía os pés e os dedos das mans entumeceran con moita rapidez ao ter que quitar as luvas para acender a fogueira. O ritmo de catro millas por hora permitira que o seu corazón estivese bombeando sangue ao resto do seu corpo, incluíndo todas as súas extremidades, mais no intre en que parou, tamén reduciu o bombeo. O frío do ambiente golpeaba cada recuncho de terra desprotexido e el recibía con total violencia cada un dos golpes. O sangue do seu corpo fuxira; estaba vivo e, ao igual ca o can, quería agocharse para protexerse do terríbel frío. Sexa como for, o bombeo do sangue ao seu corpo mantivérase mentres camiñaba as catro millas por hora, mais naquel momento abandonara ao home para descender aos lugares máis recónditos do seu corpo. As extremidades foron as primeiras en notar a súa ausencia. Foron os seus pés mollados os máis rápidos en se conxelar e deseguida os dedos das mans os que entumeceron; o xeo aínda non se apoderara deles. O seu nariz e

as meixelas xa estaban xeados e a pel de todo o seu corpo sentía os arrepios provocados pola falta de sangue.

Mais o home estaba a salvo. O xeo só estivera en contacto cos dedos dos pés, o nariz e as meixelas, e o lume comezaba a arder con forza. Aviváboo con ramaxe do grosor do seu dedo e non tardaría en facelo con ramas do grosor do seu pulso. Axiña podería espir os seus pés mollados, fretándoos primeiro de todo coa neve, para despois secalos á calor do lume xunto cos calcetíns e os mocasíns. Lograra acender a fogueira e estaba a salvo. Sorriu ao lembrar o consello que lle dera o vello en Sulphur Creek. O ancián puxérase serio ao determinar aquela norma pola que ningún home debía viaxar só na rexión do Klondike cando a temperatura era inferior aos cincuenta graos baixo cero. Mais alí estaba el; estaba só e tivera un contratempo, pero conseguira salvarse. Aqueles vellos eran bastante efeminados, polo menos, algúns deles. Todo o que un home tiña que facer era manter a calma e todo iría ben. Todo home que se prece podía viaxar só. Asombrouse da rapidez coa que se lle desconxelaran o nariz e máis as meixelas e non dubidada que os seus dedos exánimes se recuperasen en pouco tempo. Tal e como estaban, apenas os podía mover para suxeitar a ramaxe, e semellaban ser unha parte independente do seu corpo e del. Cando collía unha póla, tiña que mirar para comprobar se a tiña na man ou non. Perdera practicamente toda conexión coas puntas dos seus dedos.

Todo aquilo tiña pouca importancia. Acendera unha fogueira, un lume que esbouraba e crepitaba prometendo vida co danzar de cada chama. Comezou a desatar os mocasíns; estaban cubertos de xeo. Os grosos calcetíns alemáns semellaban vaíñas de ferro a medio camiño dos xeonllos, e os cordóns dos mocasíns parecían varelas de aceiro retorcidas e enmarañadas por unha especie de conflagración. Durante un momento tirou daquelas varelas cos seus entumecidos dedos e deseguido, ao decatarse daquela estupidez, sacou o coitelo da vaíña.

Mais antes de que puidese cortar os cordóns, algo sucedeu. Era culpa súa, máis ben, un fallo seu. Acendera a fogueira baixo dun abeto, no canto de facela nun lugar despexado. Fora máis doado para coller a ramaxe da maleza e botala directamente ao lume. A árbore baixo da que prendera o lume soportaba o peso da neve nas súas pólas. O vento non soprara durante semanas e cada póla estaba totalmente repleta de neve. Cada vez que tirara da ramaxe, provocara unha leve axitación na árbore; unha axitación imperceptíbel, non moita polo que al respectaba, pero a suficiente como para que se producise o desastre. No alto da árbore, unha póla envorcou a súa carga de neve que caeu noutras situadas debaixo. O proceso non tardou en estenderse por toda a árbore; creceu coma unha avalancha e descendeu sen avisar ao home. Onde antes ardía o lume, agora había un manto de neve fresca e revolta ocultándoo.

O home quedou estupefacto. Era como se acabase de oír a súa propia sentenza de morte. Durante un intre sentou e cravou a mirada no lugar onde o lume estivera e, deseguido, foise calmando. Quizais o vello de Sulphur Creek tivese razón. Se tiver viaxado cun compañeiro, agora non estaría en perigo. Un compañeiro de viaxe podería

acender unha fogueira, mais dependía del acendela de novo e, desta, non podía fracasar. Mesmo se o lograba, o máis probable era que perdese algúns dedos dos pés. Estaban moito máis conxelados naquel momento e transcorrería algún tempo antes de que a segunda fogueira estivese ardendo.

Aquelas ideas non o levaron a sentar e a reflexionar. Mantívose ocupado en todo momento mentres se lle pasaban pola mente. Preparou unha nova base para o lume, pero desta vez, nun lugar despexado, onde ningunha árbore traizoeira puidese sepultalo. Seguidamente, recolleu gramas e algunha ramaxe secas dos restos que deixaran as enchentes. Non era capaz de manter os dedos xuntos para carrealas, mais podía recollelas nunha brazada. Facelo daquel xeito implicaba coller unha gran cantidade de ramaxe e anacos de musgo verde que non lle servían, pero facíao o mellor que podía. Traballou metodicamente e incluso recolleu un mangado de pólas máis grandes para utilizar máis tarde, cando as chamas fosen máis intensas. O can, sentado, observábo todo o tempo con certo degoxo e tristura nos seus ollos, agardando que o home lle proporcionase o lume que tanto tardaba en chegar.

Cando todo estivo preparado, o home meteu a man no peto para coller outro anaco de casca de bidueiro. Aínda que os seus dedos non eran sensibles ao tacto, escoitaba o crepitar da casca mentres a palpaba, pero por máis que o intentaba, non era quen de sostela. En todo momento, era consciente de que canto máis tempo transcorrese, máis conxelados estarían os seus pés. Iso provocáballe un gran temor, mais tentaba loitar contra aquel pensamento e manter a calma. Tirou das luvas cos dentes, e moveu os brazos con forza dun lado a outro. Estaba sentado e ergueuse para continuar cos movementos. O can lobo, sentado na neve e co seu afelpado rabo enroscado arredor das súas patas para mantelas quentes e as súas afiadas orellas cara a adiante, observaba atentamente todos aqueles movementos. O home, mentres golpeaba e sacudía con forza os brazos e as mans, sentiu unha forte envexa da protección natural que facía que aquela criatura estivese quente e abrigada.

Ao cabo dun intre, percibiu os primeiros sinais da sensibilidade que perderan os seus golpeados dedos. O lixeiro formigo fíxose cada vez máis intenso ata se converter nunha dor aguda; era insoportable, mais o home bramaba por aquela satisfacción. Retirou a luva da súa man dereita e foi na procura da casca de bidueiro. Os seus desprotexidos dedos entumeceron de novo rapidamente. Deseguido, sacou a presada de mistos de xofre, mais o tremendo frío xa lle arrebatara a vida aos seus dedos. Nun intento por sacar un dos mistos, a presada enteira caeu na neve. Tratába de rescatalos, pero non era quen; aínda que se esmeraba, os seus entumecidos dedos perderan o tacto e non podían soste-los mistos firmemente. Tentaba afastar da súa mente o pensamento de que os seus pés, o seu nariz e as súas meixelas estaban conxelados dedicándose con toda a alma á tarefa de rescatar os mistos. Permaneceu atento e, empregando o sentido da vista no canto do tacto, tentou pechar os dedos cando viu que os tiña colocados arredor da presada de mistos. Mais aínda que quería cerralos, os dedos xa perderan toda conexión co seu corpo e non lle obedecían. Puxo a luva na man dereita e golpeouna de xeito violento contra o seu xeonllo. Deseguido, con ambas as mans enluvadadas, recolleu

a presada de mistos xunto con un montón de neve e colocouna no seu regazo. Con todo, a súa situación non mellorara.

Tras varios intentos, conseguiu soste-la presada de mistos entre as palmas das súas mans enluvadadas; dese xeito, levouna á boca. O xeo crepitou e estalou ao abrila cun gran esforzo. Ache-gou a presada á mandíbula, retorceu o labio superior para separalo e desfixo a presada cos dentes superiores para poder coller un misto. Logrou coller un e colocouno no seu regazo. A situación seguía sen mellorar; non podía sostelo. Deseguido, ideou un xeito. Colleu o misto cos dentes e fretouno contra a súa perna unhas vinte veces ata que conseguiu prendelo. Cando o tivo acendido, achegouno á casca de bidueiro, mais o xofre abrasador ascendeu polas súas fosas nasais ata chegar aos seus pulmóns, provocándolle unha tose espasmódica que fixo que o misto caese na neve e se apagase.

Nun momento de desesperación contida, deuse conta de que o vello de Sulphur Creek estaba no certo. A unha temperatura inferior a cincuenta graos baixo cero, un home non debía via-xar só. Bateu as mans, pero non logrou sentir nada. De súpeto, quitou as luvas cos dentes e, deixando ambas as dúas mans desprotexidas, colleu a presada enteira coa parte mol das palmas das mans. Os músculos dos seus brazos, que aínda non se conxelaran, permitíronlle apertar os mistos con forza. Deseguido, fretou a presada contra a súa perna e setenta mistos de xofre prenderon á vez, converténdose nunha chama resplandecente. Non había vento que a puidese apagar. Ladeou a cabeza para evitar que os gases o afogasen e achegou a flamíxera presada á casca de bidueiro. Tan pronto o fixo, comezou a notar a sensación na súa man; a súa pel estaba ardendo. Podía ulilo e mesmo podía sentilo baixo dela. A sensación íase convertendo nunha dor crecente. Soportábaa quedo e con torpeza achegaba a chama dos mistos á casca. Mais as súas mans ardentes interpúñanse no seu camiño e absorbían a maior parte daquela lapa.

Finalmente, cando non puido resistir máis, sacudiu as mans bruscamente e separounas. Os mistos chameantes caeron crepitando na neve, mais a casca de bidueiro seguiu a arder. Comezou a colocar as gramas secas e as pólas máis pequenas sobre a chama. Non podía seleccionalas, xa que tiña que suxeitar a leña entre as palmas das mans. Os anacos pequenos de madeira podre e o musgo verde aferrábanse á ramaxe, mais tentaba separalos cos dentes o mellor que podía. Tentaba con esmero e torpemente coidar a chama; significaba vida e non podía perecer. A falta de sangue na superficie do seu corpo fixo que naquel momento comezase a tremer, o que incrementou a súa torpeza. Unha gran peza de musgo verde caeu directamente sobre o pequeno lume. Tentou sacalo cos dedos, pero o seu trémulo corpo apartou e dispersou as chameantes gramas e as pólas pequenas, destruindo o núcleo da fogueira. Tentou xuntar todo de novo, mais a pesar de se esforzar por tensar os seus músculos, non foi quen de librarse do tremor, e a leña acabou dispersándose por completo. As ramas desprenderon unha nube de fume e, deseguido, apagáronse. Non fora quen de acender unha fogueira. Mirou ao seu arredor con desgana e os seus ollos topáronse co can. Estaba sentado na neve fronte aos restos do lume. Amosábase inquedo, con xesto encurvado, e levantaba

lixeramente as patas dianteiras, alternando o seu peso en cada unha delas con ansia melancólica.

A visión do can deulle unha idea desatinada. Lembrou a historia daquel home que, atrapado nunha tormenta de neve, matara un boi e se metera dentro do seu corpo, e así, lograra salvarse. Mataría o can e enterraría as mans naquel corpo quente ata desentumecelas. Despois, podería acender outra fogueira. Chamou polo can; mais na súa voz había un certo temor que asustaba ao animal, que nunca antes escoitara ao home chamalo daquel xeito. Algo acontecía, e súa natureza desconfiada advertíao do perigo; non sabía de que se trataba, mais dalgunha parte do seu cerebro, dalgún xeito, xurdía aquela desconfianza de cara ao home. Agachou as orellas ao escoitar a súa voz, e a súa axitación, o seu xesto encurvado e os movementos das súas patas acrecentáronse; mais non se achegou a el. Tiña os xeonllos e as mans na neve e gateaba cara ao can. Aquela postura, pouco habitual no home, fixo aumentar a desconfianza do animal, que retrocedeu con sixilo.

Durante un intre, o home sentou na neve e loitou por manter a calma. Deseguido, puxo as luvas cos dentes e ergueuse. Botou unha ollada aos pés para asegurarse de que en realidade estaba levantado; a falta de sensación fixérao perder toda conexión co chan. A súa postura erguida comezou a tecer fíos de desconfianza na mente do can. Chamouno con voz imperiosa, imitando o son dos golpes dun pau, e o can obedeceu coa súa lealdade habitual. Cando estivo preto del, o home perdeu o control. Os seus brazos abalanzáronse sobre o can, e sorprendeuse verdadeiramente ao descubrir que non sentía as mans e que non quedaba nin un ápice de sensibilidade nos seus dedos. Esquecera que os tiña conxelados, e a situación non fixera máis que empeorar. Todo acontecera moi rápido, e antes de que o animal puidese fuxir, rodeouno entre os brazos. Sentou na neve e, daquel xeito, suxeitouno, mentres o animal se queixaba loitando entre gruñidos.

Mais aquilo era todo canto podía facer; manter o corpo do can entre os brazos e sentar. Foi entón cando entendeu que non podería matalo; non tiña maneira de facelo. Con aquelas mans inútiles non podía nin sacar o coitelo da vaíña, nin sostelo, e tampouco podía estrangular ao animal. Liberouno, e o can escapuliuse desaforado, roñando co rabo entre as pernas. Detívose a certa distancia e abesullou ao home con curiosidade, coas súas afiadas orellas cara a adiante. O home dirixiu a vista cara ás mans para poder atopalas e achounas penduradas dos extremos dos seus brazos. Resultoulle curioso o feito de que tivese que empregar a vista para saber onde tiña as mans. Comezou a sacudir os brazos cara a atrás e cara a adiante, abatanando as mans enludadas contra os costados. Continuou golpeándose violentamente durante uns minutos, ata que o seu corazón bombeou sangue abondo á superficie do seu corpo para deter o tremor. Mais non logrou espertar sensación ningunha nas súas mans. Sentía o peso delas nos extremos dos seus brazos, pero cando tentaba que lle obedecesen, non era quen de percibir aquela sensación.

Comezou a invadilo unha especie de medo á morte; un medo imperceptíbel que o sometía. Cando se deu conta de que non se trataba só do simple feito de que se lle

conxelasen os dedos das mans e os dos pés, ou mesmo de quedar sen eles, aquel temor tornouse punzante. Era unha cuestión de vida ou morte, e el levaba as de perder. Sentiu un gran pánico, virouse e botou a correr cara ao leito do río, polo antigo e sombrío sendeiro. O can foi tras el, mantendo o mesmo ritmo. Corría sen pensalo e sen ningún propósito, cun medo que xamais sentira na súa vida. Pouco a pouco, mentres loitaba por abrirse paso entre a neve, comezou a velo todo de novo; as marxes do río, os amoreamentos de madeira vella, os chopos sen follas e o ceo. Correr fixérao sentir mellor e xa non tremía. De seguir correndo, quizais se lle desconxelasen os pés ou, polo menos, de correr abondo, podería chegar ao campamento e reunirse cos seus compañeiros. De seguro perdería algún que outro dedo das mans e dos pés e parte do seu rostro, pero os seus compañeiros ocuparíanse e salvarían o que quedase del cando chegase. Mais ao mesmo tempo, a idea de que nunca ía chegar ao campamento para reunirse cos seus compañeiros pasou pola súa mente. Comezaría por se conxelar moi lonxe de onde o agardaban, quedaría rapidamente entumecido e morrería. Desbotou esa idea e negouse a pensar máis naquilo. Ás veces, loitaba por instalarse de novo na súa mente, pedindo ser escoitada, mais el desbotábaa de novo e esforzábase por pensar noutras cousas.

Parecelle estraño que, con todo, puidese correr cos pés tan conxelados, ata ao punto de nin sequera sentilos cando tocaban o chan con todo o peso do seu corpo. Parecía estar tan só rozando a superficie, sen establecer contacto ningún coa terra. Nalgures, vira a Mercurio alado, e preguntábase se aquel deus se sentía do mesmo xeito ca el cando voaba riba de toda a terra.

A súa teoría da correr ata chegar ao campamento e reunirse cos seus compañeiros tiña un fallo; non podería aguantar moito máis. Tropezou varias veces, cambaleou, desfaleceu e finalmente, caeu. Cando tentou erguerse, non foi quen. Decidiu sentar e descansar para poder continuar, mais a próxima vez, só camiñaría. Cando sentou e tomou folgos, deuse conta do calor que sentía e do a gusto que estaba. Xa non tremía e mesmo semellaba que a sensación de calor recorría o seu peito e o seu torso. Con todo, cando tocou o nariz e as meixelas, non sentiu nada. A pesar de correr, seguían conxelados, ao igual cas súas mans e os seus pés. O pensamento de que o xeo se estaba a estender por cada recuncho do seu corpo acudiu rapidamente á súa mente. Tentou afastalo, esquecelo, pensar noutra cousa, mais era consciente do sentimento de pánico que o provocara, e el tíñalle medo ao pánico. Mais o pensamento mantívose firme e persistiu, ata que lle amosou a imaxe do seu corpo totalmente conxelado. Non o puido soportar e botou a correr salvaxemente polo sendeiro. Cando diminuíu a velocidade para camiñar, a imaxe do xeo estendéndose polo seu corpo regresou, e botou a correr de novo.

O can corría tras os seus pasos todo o tempo. Cando o home caeu por segunda vez, enroscou o rabo arredor das súas patas e sentou de face a el, ollándoo con atención e degoxo. A calor e a protección do animal enfurecérono, e maldiciuno ata que o can agachou as orellas a modo de súplica. O tremor volveu, pero desta vez, con maior rapidez. Estaba a perder a batalla contra o xeo, que penetraba con sixilo en cada parte do

seu corpo. Pensar naquilo incitouno a continuar, pero cando non levaba máis ca un intre correndo, cambaleou e caeu de cabeza. Foi a última vez que sentiu pánico. Cando tomou folgos e recuperou o control, incorporouse e comezou a acoller na súa mente a idea de morrer con dignidade. Con todo, non podía imaxinalo daquel xeito. Tiña a impresión de que se estivera enganando a si mesmo ao correr sen rumbo; aquilo era o único no que pensaba. Estaba seguro de que se conxelaría de todos os xeitos, e tamén podería asumilo con decoro. Co descubrimento daquela tranquilidade renovada chegaron os primeiros síntomas de somnolencia. Pensou que sería unha boa idea durmir ata que a morte lle chegase; sería coma un anestésico. Conxelarse non era tan malo como pensaba a xente; había xeitos peores de morrer.

Imaxinou aos seus compañeiros atopando o seu corpo ao día seguinte. De súpeto, viuse con eles, camiñando polo sendeiro na súa procura. Camiñaban ao seu carón e nunha curva atopábase a si mesmo tendido na neve. Xa non volvería ser el nunca máis; fuxira do seu corpo e estaba cos seus compañeiros observándoo na neve. Pensou que, de certo, ía frío. Cando volveuse aos Estados Unidos, podería contarlle á xente o que era en realidade o frío. Deixouse levar ata a imaxe do vello de Sulphur Creek. Podía velo claramente, fumando unha pipa a gusto e ao quente.

“Tiñas razón, vello amigo, tiñas razón” balbuciu para o vello de Sulphur Creek.

O home sumiuse no que lle pareceu o sono máis agradable e satisfactorio que xamais coñecera. O can sentou face a el e esperou. Achegábase a fin daquel día tan curto, cun ocaso lento e longo. Non parecía que o home fose acender unha fogueira e, ademais, o can nunca coñecera un home que sentase daquel xeito na neve sen acender unha. Cando chegou o ocaso, o seu degoxo polo lume dominouno. Ergueu as patas e moveuse dun lado ao outro, xemendo suavemente e, deseguido, agachou as orellas antes de que o home o reprendese. Mais o home permaneceu en silencio. Despois o can xemeu con forza; achegouse ao home e olfateou a morte. Encrespóuselle a pelaxe e retrocedeu. Durante un intre, estivo ouveando baixo das estrelas que brincaban e bailaban, brillando vivamente no xélido ceo. Deseguido, virouse e dirixiuse ao camiño que levaba ao campamento. Sabía que alí lle proporcionarían comida e lume.